

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 26 de novembro de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

RAMÓN CARRO OTERO. (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTEN:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.10.2014.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2015 (POS 2015).

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2015 E CADRO DE PERSOAL.

4º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 3º TRIMESTRE DE 2014.

5º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO DGT - FEMP SOBRE CAMBIO DE DOMICILIO NOS REXISTROS DE CONDUTORES E VEHÍCULOS DA DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO BÁSICO BILATERAL ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E O CONCELLO DE BRIÓN, POLO QUE SE FORMALIZA A ADHESIÓN AO CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SEGURIDADE VIAL.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS ROSALÍA DE CASTRO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL OS ÁNXELES DE BRIÓN.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.10.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 15 de outubro de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2015 (POS 2015).

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.11.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25.11.2014, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2015 remitida pola Deputación Provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|-------------------|-----------------|-------------------------|
| Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Guitiande, Vilanova/O Rial, Gosende/Souto, Chave de Carballo, e diversas rúas nos lugares de Pedrouzos e Lamiño. | 113.969,90 | ----- | 113.969,90 |

| | | | |
|--|------------|-------|------------|
| Proxecto de acondicionamento de beirarrúa emprazada nas inmediacións do pavillón polideportivo e o acceso a zona escolar sita en Lamiño. | 31.774,49 | ----- | 31.774,49 |
| SUBTOTAL OBRAS | 145.744,39 | ----- | 145.744,39 |

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 88.296,71 |
| SUBTOTAL GASTO CORRENTE | 88.296,71 |

C) Resumo:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Presuposto total |
|----------------------------------|------------|----------|------------------|
| SUBTOTAL OBRAS | 145.744,39 | ----- | 145.744,39 |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 88.296,71 | | 88.296,71 |
| TOTAL | 234.041,10 | ----- | 234.041,10 |

2º) Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º) Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

4º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña autorización para realizar por administración as obras de:

- . Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Guitiande, Vilanova/O Rial, Gosende/Souto, Chave de Carballo, e diversas rúas nos lugares de Pedrouzos e Lamiño.

- . Proxecto de acondicionamento de beirarrúa emprazada nas inmediacións do pavillón polideportivo e o acceso a zona escolar sita en Lamiño; que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º) Facultar expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2015 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 20.11.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 25.11.2014, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2015 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2015, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

| ESTADO DE GASTOS | |
|---|-----------------------|
| A. OPERACIÓNS CORRENTES | |
| CAPÍTULO 1: Gastos de persoal | 1.950.406,20 € |
| CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos | 2.059.504,34 € |
| CAPÍTULO 3: Gastos financeiros..... | 22.435,03 € |
| CAPÍTULO 4: Transferencias correntes..... | 428.071,54 € |
| B. OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| CAPÍTULO 6: Investimentos reais | 434.761,15 € |
| CAPÍTULO 7: Transferencias de capital | 0,00€ |
| CAPÍTULO 8: Activos financeiros | 20.000 € |
| CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros | 153.727,58 € |
| TOTAL..... | 5.068.905,84 € |

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES

| | |
|--|----------------|
| CAPÍTULO 1: Impostos directos | 1.562.927,68 € |
| CAPÍTULO 2: Impostos indirectos | 33.146,42 € |
| CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 1.041.213,75 € |
| CAPÍTULO 4: Transferencias correntes..... | 2.121.230,88 € |
| CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais | 5.598,87 € |

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL

| | |
|---|-------------|
| CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais..... | 0,00 € |
| CAPÍTULO 7: Transferencias de capital. | 284.788,24€ |
| CAPÍTULO 8: Activos financeiros | 20.000 € |
| CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros. | 0,00 € |

TOTAL..... 5.068.905,84 €

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2015, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

5º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

Debate:

O Sr. Alcalde expón que se lles enviou copia do orzamento a todos os concelleiros o venres aínda que podía terse dito antes que iría a este Pleno para que tiverades coñecemento; engade que non debo estenderme porque na memoria do orzamento xa está explicado todo e que a regra do gasto foi a que nos obrigou a facer o orzamento como o que presentamos, quero dar as grazas á interventora polo traballo feito tanto en tempo como en forma, non obstante quero destacar algunhas cousas, así :

No capítulo 1 de gastos hai unha pequena baixada pola xubilación dunha persoa que non pode ser suplida por lei, non hai ningún incremento salarial e sinalar que pode ser importante o gasto pero hai que dicir que neste concello a maioría das obras se fan por administración polo propio Concello.

No capítulo 4 se prevén axudas ás escolas e hai unha pequena baixada neste capítulo porque xa se fixo este ano por emerxencia o da casa que ardeu e de momento a Mancomunidade non actualizou o que se lle terá que pagar.

Mercarase unha cisterna para limpar as fosas sépticas e hai unha baixada dos gastos en enerxía eléctrica, se fará un novo parque infantil, e só quedan dous préstamos en vigor, un desta Casa do Concello e outro da piscina cuberta; que a capacidade de endebedamento do Concello está en 2015 no 15,50 cando nos permitiría estar no 110 e a débeda viva é de 153.000 euros, e remata sinalando que creo que é un orzamento que se axusta ao que marca a lei.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que o orzamento parécenos adaptado ao momento que vivimos; pensamos que o gasto de persoal é elevado, pero tampouco pretendemos que se despida a ninguén, supoño que haberá que arranxar parques e beirarrúas pero ao mellor habería que empezar a facer outras cousas de interese para os veciños, que logo de que os camiños estean arranxados, pois empezar a pensar algo para facer outras cousas de cara aos veciños de Brión.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu o ano pasado dicía que o orzamento de 2014 estaba axustado rixidamente ás normas e dicía que esas normas recortaban a autonomía local e hoxe podería dicir o mesmo, temos que respectalas, pero tamén temos que dicir que non nos gustan esas normas.

Engade que eu creo que non hai moita perspectiva de recuperación, creo que as cousas poden ir a peor e esta crise quen a sofren son os máis desfavorecidos; eu compartiría con pequenos matices as conclusións que no informe de intervención se formulan:

1º) Control do gasto, seleccionando e dando prioridade a aqueles gastos que se estimen absolutamente necesarios, para poder manter unha adecuada xestión dos servizos públicos, e
2º) Comprobar a produtividade, rendibilidade e sostenibilidade económica no tempo, á hora de decidir os investimentos a realizar, optando por aqueles nos que se dean as tres características sinaladas; creo que estas dúas ideas son correctas.

Continua sinalando que desde a miña perspectiva o orzamento presenta algunhas deficiencias, que se repiten todos os anos, así:

1º) Os capítulos 1 e 2 de gastos representan o 79% do orzamento, é un peso excesivo no orzamento, penso que as partidas deben ter un reaxuste.

2º) Segue a ser moi alto o consumo da enerxía eléctrica, falouse dalgún plan pero non se ve nada, hai que facer presión fronte aos oligopolios eléctricos, como fan as industrias, para ter un prezo máis baixo.

3º) Na partida 22699 de gastos diversos figuran consignados 70.201 euros, parece un pouco unha partida caixón de xastre e non queda moi claro a que se destina.

4º) Seguen a ser moi cativas as cantidades do capítulo 6, aínda que hai un pequeno aumento respecto do ano pasado, que foi moi malo, e ademais figuran algunhas operacións que deberían ir no capítulo 2, non no 6, porque non son inventariables.

5º) No capítulo 4 de transferencias correntes figuran 3.000 euros para atencións benéfico – asistenciais, e 4.050 para premios e becas, que son cantidades moi pequenas, deberían incluírse axudas para libros, becas, comedores, becas transporte,... etc, que foran para persoas que realmente o necesiten, con transparencia, debemos evitar a caridade.

6º) A partida 490 segue a ser moi escasa, debía ser o 7% e dedicamos o 0,06%; nós aínda que estamos mal, somos os ricos do mundo, e debería incrementarse esa partida para os países pobres.

Remata sinalando que a miña labor é destacar os aspectos que poden mellorarse no orzamento, non defendelos, e por todo o anterior voume abster porque ademais é un documento moi reglado.

O Sr. Alcalde da as grazas polas intervencións e polo tono das mesmas, engadindo que quero dicir tres cousas, así o gasto de persoal é o que é porque repito que facemos as obras nós polo propio Concello e iso non se fai sen cartos; o capítulo 2 é necesario porque quere dicir que temos servizos e os servizos custan, creo que o orzamento está xustificado aínda que pode ser mellorable e desde un punto de vista político dicir que a lei quere o déficit cero, a crise a provocaron outros e agora a pagamos todos, creo que isto pode ir a peor, o digo como opinión persoal, creo que o peor está por vir.

O consumo de enerxía eléctrica baixou o 8%, pouco, pero baixou, e hoxe hai unha reunión na FEGAMP para ver que se pode facer coas compañías eléctricas, pero tampouco confío moito nestas xestións polos antecedentes que coñezo; a partida para emerxencia, colexios, pode incrementarse, ningunha persoa vai quedar sen atender, foi o orzamento que servizos sociais nos pediu.

Respecto da axuda exterior achegamos cartos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, aínda que non é moito, pero tamén colaboramos no tema do Sahara pagándolle as viaxes aos nenos, etc.

Con respecto á partida de gastos imprevistos dicirlle que recolle moitas cousas que van desde os cartuchos para as prácticas da policía local, as cintas de balizamento, dispersantes para o equipo de protección civil e moitas máis cousas que teñen a súa contrapartida en ingresos, que o custe para o Concello é cero, así por exemplo, as viaxes da terceira idade dun día nos que eles pagan a comida e o viaxe vai aquí, vai material de oficina, van moitas cousas e se reflicten nesta partida.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións:1, pertencente ao grupo municipal Mixto (1) (BNG).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 3º TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta dos informes de intervención e tesourería sinalados correspondentes ao 3º trimestre de 2014 que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non existindo ningunha factura pendente de recoñecer.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola intervención e pola tesourería municipais do 3º trimestre de 2014, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao terceiro trimestre de 2014, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informándose que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno toma coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, relativa á execución ao terceiro trimestre do 2014.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO DGT - FEMP SOBRE CAMBIO DE DOMICILIO NOS REXISTROS DE CONDUTORES E VEHÍCULOS DA DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.11.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25.11.2014, que transcrita di:

Con data 15 de marzo de 2006 asinouse un convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa cuxa copia consta no expediente, polo cal, en resumo, se trata de evitar aos cidadáns desprazamentos innecesarios ás Xefaturas de Tráfico para realizar os trámites de cambio de domicilio dos permisos de circulación e de condución das persoas que se empadroen no Concello, convenio que non xera obrigas económicas.

Non se trata do exercicio dunha nova competencia ao abeiro do disposto no art. 3.3 f) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, posto que se trata dunha colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997, e tampouco xera a creación de ningún novo servizo municipal, nin xera gasto polo que non afecta á estabilidade presupostaria, polo que resultando conveniente para o Concello propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar a adhesión íntegra ao convenio suscrito entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

2º) Facultar a alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO BÁSICO BILATERAL ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E O CONCELLO DE BRIÓN, POLO QUE SE FORMALIZA A ADHESIÓN AO CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SEGURIDADE VIAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.11.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25.11.2014, que transcrita di:

Con data 25 de novembro de 2009 asinouse un convenio específico de colaboración entre a FEMP e o organismo autónomo Xefatura de Tráfico, en materia de seguridade vial, cuxo obxecto consistía na fixación dun marco de colaboración para o desenvolvemento dunha mellor e máis efectiva participación dos concellos no deseño, execución e evolución das políticas de seguridade vial, remitíndose á sinatura do oportuno convenio básico bilateral e á suscripción de adendas deste último.

O obxecto do convenio básico bilateral é a colaboración entre a Xefatura Central de Tráfico e o Concello no desenvolvemento de determinadas accións en materia de tráfico e seguridade vial, concretamente as relativas á transmisión de datos e acceso a rexistros. As accións consistentes en cesión de materiais, apoio técnico e/ou económico para a elaboración de plans de seguridade vial ou posta en marcha de medidas específicas poderán reflexarse nas oportunas adendas especificando as obrigas de cada parte.

Non se trata do exercicio dunha nova competencia ao abeiro do disposto no art. 3.3 f) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, posto que se trata dunha colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997, e tampouco xera a creación de ningún novo servizo municipal, nin xera gasto polo que non afecta á estabilidade presupostaria, polo que resultando conveniente para o Concello propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar a adhesión ao convenio específico de colaboración suscrito entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a FEMP en materia de seguridade vial, cuxa copia consta no expediente.

2º) Facultar a alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS ROSALÍA DE CASTRO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL OS ÁNXELES DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 19.11.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25.11.2014, que transcrita di:

Por esta alcaldía e polo concelleiro delegado de educación, deportes e actividades extraescolares, mantivéronse contactos coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) Rosalía de Castro, da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles de Brión, para tratar de darlle unha utilidade aos terreos onde ata hai uns anos se atopaba unha piscina municipal, e que hoxe non teñen ningunha utilidade, e que forman parte do inmovible do edificio escolar dos Ánxeles.

Considerouse conveniente facer obras para poñer unha cuberta a este espazo e realizouse un traballo polo colexio de arquitectos para deseñar un proxecto para esta obra, que se atopa pendente de elixir.

A ANPA pretende realizar as obras neste terreo de dominio público conseguindo financiamento a través dos programas Leader e Proder.

Ao tratarse dun ben de dominio público pode facerse unha cesión do uso temporal por oito anos para que poidan realizar as obras e destinalas ao seu fin durante o prazo de cinco anos establecido pola normativa europea durante os cales o obxecto subvencionado debe dedicarse aos fins para o que se concedeu a subvención.

Estimándose conveniente formalizar a cesión do uso do terreo mediante un convenio de colaboración onde queden especificados a propia cesión e os dereitos e deberes das partes, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración que consta no expediente cuxo texto é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS ROSALÍA DE CASTRO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL OS ÁNXELES DE BRIÓN.

En Brión, a ----- de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte Jose Luis García García, alcalde do Concello de Brión, no nome e representación de dita entidade local, e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra parte María J. Rodríguez Vázquez, en calidade de presidenta da Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) Rosalía de Castro, da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles de Brión, con CIF: G-15650328, con domicilio a efectos de notificacións en Escola de Educación Infantil Os Ánxeles, Rúa da Fonte núm. 1, CP 15280 Brión (A Coruña), en nome e representación da mesma,

EXPOÑEN

1º) As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no art. 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no art. 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2º) Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispoñen que os municipios poderán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, exercitando como competencias propias, nos termos previstos na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, facultades nas seguintes materias: promoción da cultura e equipamentos culturais e igualmente en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

3º) A ANPA Rosalía de Castro é unha asociación de carácter público sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins o desenvolvemento de actuacións que coadxuven ao dereito a recibir unha educación en condicións óptimas.

4º) Que o Concello é titular dun terreo anexo ao edificio da Escola de Educación Infantil de Os Ánxeles onde se atopaba a antiga piscina municipal, hoxe xa inexistente, que ten a natureza xurídica de ben de dominio público afecto aos servizos escolar e cultural, terreo que forma parte segundo o inventario de bens do Concello do conxunto identificado como edificio escolar nos Ánxeles, con referencia catastral do inmovible no seu conxunto: 6645111NH2464N0001LD, tendo este terreo anexo unha superficie segundo o catastro de:186 m2.

5º) Que a ANPA referenciada está interesada en realizar a obra de: proxecto de cuberta de patio da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles, para o que pretende acadar financiamento europeo a través dos Programas Leader Galicia 2007-2013, no marco financeiro 2014-2015, a través da entidade Terras de Compostela (GDR 24), de tal xeito que os fondos que non se acaden con esa subvención europea serán financiados pola Fundación Paideia a través do Programa Proder.

6º) O presente convenio non afecta ao principio de estabilidade orzamentaria posto que non xera gasto para o Concello.

7º) En base a todo o anterior, co fin de materializar a cooperación descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, o Concello de Brión e a ANPA Rosalía de Castro acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

1ª) Obxecto.

O obxecto deste convenio é a cesión de uso por parte do Concello de Brión á ANPA Rosalía de Castro, do ben de propiedade municipal que se describe do seguinte xeito: terreo anexo ao edificio da Escola de Educación Infantil de Os Ánxeles onde se atopaba a antiga piscina

municipal, hoxe xa inexistente, que ten a natureza xurídica de ben de dominio público afecto aos servizos escolar e cultural, terreo que forma parte segundo o inventario de bens do Concello do conxunto identificado como edificio escolar nos Ánxeles, con referencia catastral do inmovible no seu conxunto: 6645111NH2464N0001LD, tendo este terreo anexo unha superficie segundo o catastro de:186 m2, polo prazo de oito anos contados a partir do día seguinte ao da data da sinatura deste convenio, para a realización do proxecto de obras: proxecto de cuberta de patio da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles, e para levar a cabo nese prazo no terreo as labores propias da ANPA.

O Concello autoriza expresamente a ANPA para que execute as obras do proxecto no terreo sinalado, previa concesión da preceptiva licenza urbanística.

2ª) Obrigas do Concello.

-. O Concello se compromete a axilizar e tramitar no menor tempo posible a licenza urbanística, así como a xestionar ante Patrimonio a autorización pertinente.

-. Ao tratarse dunha construción, instalación ou obra, realizada por entidade de interese público ou asociación veciñal en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do Pleno do Concello, previa solicitude da licenza urbanística, consonte co disposto na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, concederá un beneficio fiscal do 95% da cota tributaria.

-. O Concello se compromete a levar a cabo as labores de mantemento e limpeza da edificación necesarios para o óptimo estado de uso da mesma e do seu terreo, que xurda do proxecto de: proxecto de cuberta de patio, que se integrará como unha parte máis nas tarefas ordinarias de limpeza da edificación escolar que se levan a cabo polo persoal do Concello actualmente que é de: dúas traballadoras, todos os días laborables da semana, sobre dúas/tres horas aproximadamente.

-. Unha vez rematado o prazo de oito anos da cesión a utilidade dos instalacións edificadas no mesmo será sempre de uso público e de xestión pública, sendo a utilización das mesmas de uso exclusivo da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles no horario lectivo, mentres a mesma sexa unha escola pública e de xestión pública.

3ª) Obrigas da ANPA.

-. A ANPA autorizará á Escola de Educación Infantil Os Ánxeles o uso das instalacións de forme exclusiva durante o seu horario lectivo, mentres a mesma sexa unha escola pública e de xestión pública, e poderá permitir o uso das instalacións á poboación deste Concello nas horas nas que non sexan usadas pola propia asociación, previa petición escrita.

-. Unha vez rematado o prazo de cesión a edificación construída sobre o terreo pasará a ser propiedade do Concello, de xeito gratuíto e libre de calquera tipo de carga ou gravame, ao tratarse dun ben de dominio público afecto a un servizo público e ser polo tanto inalienable e inembargable.

4ª) Xustificación a presentar.

Rematada a obra, e dentro do prazo dos dous meses seguintes, deberá presentarse no Concello a certificación final de obras asinada polo técnico director da obra e pola Presidencia da ANPA coa correspondente relación valorada das obras executadas.

5ª) Facultades de inspección.

O Concello a través dos seus servizos técnicos reservase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas a requisitos cos que se concede o uso deste terreo.

6ª) Publicidade.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos nos que resulte obrigado ou conveniente para o Concello.

7ª) Comisión de Seguimento.

Créase unha comisión mixta, constituída por un representante de cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e que proporá cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo. A súa composición será:

Polo Concello: O alcalde. Pola ANPA: O/A presidente/a.

8ª) Causas de resolución.

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, o Concello pode, de ser o caso, esixir o reintegro ao mesmo do terreo cedido coas accesións realizadas ata ese momento, libre de calquera tipo de carga.

9ª) Lexislación aplicable.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo Pleno do Concello, poñendo así fin á vía administrativa.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexiranxe polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de desenvolvemento, así como pola Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e polo seu regulamento aprobado por RD 1373/2009, do 28 de agosto, en canto lle sexa de aplicación.

10ª) Vixencia do convenio.

O presente convenio terá unha duración de oito anos a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura polas partes.

En proba de conformidade, asinase o presente convenio por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello

Pola ANPA

O alcalde

A presidenta

José Luis García García

María J. Rodríguez Vázquez

Dilixencia: Para facer constar que este convenio foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión do -----.

O secretario

Javier Nieves González

2º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González